



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Universitaria Relacións Laborais Lugo (adscrita á USC)

Curso Académico: 2023/2024

Versión; Unidade / Órgano	Data aprobación
V.1- Comisión Título/Calidade Escola de Relacións Laborais	21/10/2025
V.2- Xunta de Escola	21/10/2025
V.3 - Comisión de Calidade e Planificación, delegada de Consello de Goberno	26/11/2025

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	15
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	15
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	20
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	23
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	30
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	34
Directriz 6. Información pública	39
3. Plan de Melloras do centro	41
4. Modificacións nos diferentes títulos	82
5. Listaxe de evidencias e indicadores	83

1. Introducción

1.1. *Presentación da Memoria de Calidade.*

Breve referencia ao documento e ao curso de referencia.

En consonancia co proceso PE-02 Revisión e Mellora, do Sistema de Garantía de Calidade (en adiante SGC), a Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, é o documento que recolle a análise da aplicación do Sistema na Escola, e do desenvolvemento e resultados do programa formativo oficial adscrito a ela no curso 2023/2024, é dicir, analízase o funcionamento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, e do Sistema Interno de Calidade do Centro.

A Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) correspondente ao curso 2023/2024, de acordo co procedemento establecido (PE-02) elabórase a partir dos indicadores e informes que analizan a planificación, as actividades e os resultados docentes dende o comezo do curso (setembro 2023) hasta o seu remate (xullo 2024). Toda a información é archivada na Secretaría do Centro durante o comezo do curso 2024/2025

En canto ao desenvolvemento do curso 2023/2024, o número de estudantes matriculados en cada un dos seguintes títulos e o número de docentes que impartiu docencia en ditos cursos, foi o seguinte:

Titulación	Estudantes	Docentes
GrRL	111	15
Máster Formación Permanente en Orientación Laboral	9	8

No relativo á actividade docente, durante o curso académico 2023/2024 —obxecto de análise nesta Memoria de Calidade— produciuse a baixa de dous docentes que impartían docencia en materias correspondentes ao primeiro e ao cuarto curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: “Dereito Societario” (impartida no segundo semestre) e “Economía Laboral” (de carácter anual). Para garantir a continuidade e calidade da docencia, procedeuse á contratación dun profesor asociado da Universidade de Santiago de Compostela e dunha doutora.

Ademais, este curso estivo especialmente condicionado polas recomendacións e obrigas recollidas no informe final de acreditación do título emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), con data do 25 de outubro de 2023. Neste senso a partir do curso 2022/2023 con continuidade no curso 2023/2024, elaborouse un Plan de Accións de melloras, nas que se implantan as liñas marcadas pola ACSUG (ao final deste documento inclúese o enlace ao Plan de melloras)

A documentación de referencia para a elaboración da Memoria foi a seguinte:

- Manual do SGIC
- Memoria do título de grao

- Plan estratéxico do centro
- Informe final para a renovación da acreditación do título (2021/2022)
- Informe de seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos 2021/2022
- Informe final de seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos 2021/2022
- Memorias de actividades E.U. Relacións Laborais Fundación Campus Universitario de Lugo curso 2022/2023
- Actas de Comisión de Título/Calidade e Xunta de Escola

1.2. O Centro.

1.2.1 *Orixe e estrutura orgánica do Centro.*

Este Centro foi creado pola Fundación Campus Universitario de Lugo, o día 30 de marzo de 1.995 pola Deputación Provincial de Lugo, a Cámara de Comercio de Lugo e a Confederación de Empresarios de Lugo, organismos aos que se sumou a Universidade de Santiago de Compostela en febreiro do ano 2000.

Esta Fundación ten como obxectivo principal promover e incentivar actividades que axuden a impulsar o Campus Universitario de Lugo e, neste sentido, fomentar a implantación de novos estudos e actividades universitarias.

De acordo con iso, a Fundación Campus puxo en marcha, no ano 1.995, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo, Adscrita á Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde, na que seguindo primeiro o Plan de Estudos aprobado por Resolución do 15 de novembro de 1993, e posteriormente o Plan de Estudos de 1999, impartíuse a Diplomatura de Relacións Laborais, de tres anos de duración.

Con data 25 de setembro de 2008, o Consello de Goberno da USC aprobou a implantación no Centro, o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Dado o interese mostrado tanto polos Diplomados en Relacións Laborais como polos Diplomados Graduados Sociais e Graduados Sociais, por esta nova titulación, o Consello de Goberno da USC na súa sesión de data 25 de marzo de 2009, aproba a creación do Curso Ponte en Relacións Laborais para que estes colectivos poidan obter o título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos superando un número determinado de materias que teñen o carácter de obrigatorio.

Na Escola Universitaria de Relacións Laborais, ademais do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, impártese o Máster de Formación Permanente en Orientación Laboral, así como numerosas xornadas, cursos, actividades que contribúen a formación universitaria dos estudantes. No seu conxunto a oferta académica deste Centro está orientada a satisfacer as necesidades do seu estudantado en relación co exercicio do seu futuro profesional e o seu desenvolvemento mantense de acordo ao especificado na Memoria de Verificación do Título (MVT).

Tamén é preciso destacar o bo funcionamento do Centro a pesar de contar cun reducido número de Persoal de administración e servizos (PAS) (tres persoas) Anque o seu número é reducido, o seu impacto é enorme e fundamental para que todas as actividades se desenvolvan sen contratempos.

Desde a xestión de matrículas e expedientes académicos ata a coordinación de eventos e a atención a estudantes e profesores, o seu traballo abarca unha ampla gama de responsabilidades que aseguran que cada aspecto do centro educativo funcione de maneira eficiente.

Área de administración	<ul style="list-style-type: none"> • Unha persoa de Escala Administrativa • Un/ha responsable de Asuntos Económicos.
Área de conserxería	Un/ha Conserxe
Área de biblioteca	A Biblioteca Intercentros compartida co resto do Campus Universitario de Lugo.

De acordo co Sistema Interno de Garantía de Calidade e do Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Relacións laborais de Lugo (adscrita á USC), a estrutura orgánica do Centro está composta polos seguintes órganos:

Unipersoais:

- Responsable de Calidade
- Coordinador/a do Título
- Coordinadores/as de curso
- Coordinador/a de prácticas en empresas.
- Coordinador Título Facultade Relacións Laborais Santiago- Escola Universitaria Relacións Laborais Lugo

Colexiados:

- Equipo directivo
 - Director/a
 - Subdirector/a
 - Secretario/a académico/a
- Comisión Título/Calidade do Centro (CTCC). A súa estrutura é a seguinte:
 - Directora do Centro
 - Vicedireitor do Centro
 - Responsable de Calidade
 - Coordinadora do Título
 - Catro Representantes do Profesorado
 - Representante alumnado
 - Representante do persoal administrativo
- Comisión Intercentros para coordinarse coa Facultade de Santiago de Compostela. A súa estrutura é a seguinte
 - En Santiago
 - Decano/a da Facultade de Relacións Laborais de Santiago

- Secretario da Facultade de Relacións Laborais de Santiago
- Coordinador/ra do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento

En Lugo

- Director/ra da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo
- Responsable de Calidade
- Coordinador/ra do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

- Comisión de TFG. A estrutura é a seguinte

- Directora do Centro
- Vicedireitor do Centro
- Secretaria Académica
- Coordinadora do Título
- Representante do alumnado

- Comisión Prácticas Empresa.

A súa estrutura é a seguinte

- Directora do Centro
- Secretaria Académica
- Coordinador Prácticas Empresa'
- Coordinadora do Título
- Representante do Persoal Administrativo

Por enriba destes órganos, está a Xunta de Escola, órgano colexiado de goberno do Centro, responsable, entre outras funcións, da aprobación da Memoria de Calidade, así como das propostas de novos títulos e no seu caso, das súas modificacións.

Ademais das figuras descritas, existe a figura do Coordinador/a de curso, cuxo própsoto es garantir a coordinación interna da actividade docente e académica de cada curso.

Ademais dos regulamentos, instrucións e normas xerais da Universidade cabe referir a seguinte documentación interna propia da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo:

- Regulamento de Réxime Interno
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro
- Memoria verificada do título de Grao.
- Regulamento Prácticas Empresa

1.2.2 Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo ten a condición de centro adscrito á USC desde 1995, e imparte, desde o curso 2009/2010, o título oficial Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (en adiante GrRL). Código RUCT 2500975; Código USC G3021 e o Máster de Formación Permanente de Orientación Laboral.

Ademais, no curso 2023/2024 en cumprimento da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario e do Real Decreto 822/2021 de 28 de setembro polo que se establece a Organización das Ensinanzas Universitarias e do Procedemento de Aseguramento da Calidade, a titulación impartida no centro quedou adscrita ao seguinte ámbito de coñecemento:

- *Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: Ámbito das Ciencias Sociais, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Socioloxía, Ciencia Política e Relacións Internacionais*

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

- *SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.*

En relación á documentación do SGC do Centro, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) avaliou positivamente o deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade aplicable á ensinanza oficial impartida no centro o 13 de decembro de 2012. Ademais, avaliou positivamente e renovou a acreditación do título de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos o 12 de decembro de 2023.

- *Acreditación institucional, no caso de estar vixente ou en proceso de adquisición.*
- *Documentación de referencia do SIGC/SGC e Regulamentación interna.*

De acordo cos regulamentos, instrucións e normas xerais da Universidade de Santiago, cabe referir a seguinte documentación interna propia da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á Universidade de Santiago de Compostela):

- Regulamento de Réxime Interno
- Regulamento de elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao
- Manual do SGC e Manual de Procesos do Centro
- Memoria verificada do título de Grao
- *Estrutura organizativa do SIGC/SGC. Desenvolvemento e cambios.*

No desenvolvemento do SGC interveñen tanto os órganos de goberno unipersonais (Responsable de Calidade e Coordinadores dos Títulos) como o Equipo Directivo, coordinados pola Comisións de Título/Calidade do Centro(CTCC).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do SGC e no Regulamento Interno da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC). A composicións de todos os Órganos que interveñen no

proceso do SIGC pode consultarse na páxina web da Escola, no apartado Órganos do Sistema de Garantía da Calidade.

No nivel máis elevado está a Xunta de Facultade, que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A implantación do SIGC da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscriba á USC) foi certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 13 de decembro de 2012.

A Memoria de Calidade da E.U. de Relacións Laborais de Lugo (adscriba á USC), correspondente ao curso académico 2023/2024, foi elaborada de acordo co procedemento establecido no SGC do centro (PE-02 Revisión e mellora). As Comisións de Título/calidade analiza o desenvolvemento e resultados dos programas formativos, así como as propostas de accións de mellora, despois da análise dos distintos informes e indicadores subministrados pola Responsable de Calidade do centro e da información recollida a través dos protocolos propios da Escola. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria; tamén elaborou o Plan de melloras anual.

O documento final será aprobado pola Comisión de Título/Calidade da Escola Universitaria de Relacións Laborais o día, unha vez sexa revisada pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC.

Unha aprobada a Memoria farase pública a través da páxina web da Escola.

- *Memoria de Calidade do Centro (MCC):
Procedemento de elaboración, órganos competentes e persoal participante.*

Segundo o SIGC con procedemento establecido (PE-02) os órganos competentes para a elaboración da Memoria de Calidade do Centro MCC):

- Responsable de Calidade
- Comisión de Título Calidade (CTCC)
- A Xunta de Escola

Ademais na elaboración da MCC han participado:

- Coordinador/a do Título
- Coordinadores/as de curso

O/a responsable de calidade do centro (RCC), ou a persoa en quen delegue, é responsable de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a análise, que será proporcionada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), agás no caso de indicadores e informes propios. No caso de detectarse algunha ausencia ou erro na información institucional comunícao á ACMP para a súa revisión e/ou corrección.

A Comisión de Título/Calidade (CTC), de acordo co proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, deberá analizar os seus indicadores, as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar.

No caso de que o centro non dispoña de acreditación institucional, as reflexións e propostas de

mellora deberán consignarse no autoinforme de seguimento ou acreditación, en función do momento do ciclo VSMA (Verificación, seguimento, modificación e acreditación) no que se atope o título.

Na CTC analízase o funcionamento global do SGC do centro e os resultados dos distintos programas formativos, en base ás reflexións e propostas de mellora achegadas polas súas comisións. Esta análise queda recollida na memoria de calidade do centro (MCC) que contén, cando menos, información sobre:

- A vixencia da política de calidade
- A evolución e grao de cumprimento do plan estratéxico do centro
- O funcionamento e resultados dos distintos procesos considerados no SGC (evolución dos indicadores)
- a evolución e grao de cumprimento do plan de melloras da anualidade anterior (obxectivos de calidade e seguimento das accións de mellora)
- a proposta de plan de melloras anual onde se recollen os obxectivos de calidade para o seguinte ciclo e as accións de mellora previstas para o seguinte curso
- cambios nos procesos que conforman o sistema

Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.

Finalmente, consonte ao proceso PS-06 Información pública, o Decano/a do centro difundirá o contido do documento aos grupos de interese, para aumentar a toma de conciencia e a motivación dos mesmos na consecución dun ensino de calidade.

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

- *Presentación do PEC vixencia: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).*

Seguindo las directrices marcadas na Programación Plurianual da Universidade de Santiago de Compostela, aprobadas por el Consello de Goberno o día 28/12/2022 e polo Consello Social o día 29/12/2022, á vista do remate da vixencia do Plan Estratéxico 2011-2020, a Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita a la Universidade de Santiago de Compostela) elabora o Plan Estratéxico (PEC) 2024/2026 co fin de establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese.

O PEC do centro 2024-2026 ten o mesmo horizonte temporal que o establecido para a Universidade de Santiago de Compostela.

No Manual de Procesos (MP) do Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á Universidade de Santiago de Compostela (USC) establece, no seu proceso PE-01 Planificación Estratéxica, a forma de “elaborar, aprobar, realizar o seguimento e actualización coa política e os obxectivos

xerais da Universidade de Santiago de Compostela, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese”. Seguindo esteo o obxectivo deste Proceso PE-01, este Centro elabora o Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) donde establece un marco estratéxico integral durante o período 2024-2026, .

Este plan pretende conseguir os seguintes obxectivos:

- Aliñar as metas do centro coas demandas actuais da contorna educativa e do mercado laboral, fortalecendo o seu posicionamento académico e social.
- Establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese.

Para a súa elaboración tivéronse en conta os seguinte, requisitos esenciais:

- A diagnose estratéxica,
- A exposición pública para recoller as suxestións dos grupos de interese.
- A verificación da congruencia co plan estratéxico vixente na USC por parte da vicerreitoría con competencias en calidade.
- A aprobación por parte da xunta de centro.
- A aprobación por parte da Comisión de Calidades e Planificación delegada do Consello de Goberno (CCPdCG).

Tendo en conta estas pautas, para a elaboración do PE, a Escola Universitaria de Relacións Laborais, previamente analizou as seguintes fases:

- Avaliar a situación actual do centro mediante análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e oportunidades)
- Facer prospectiva da situación futura, como orientación da estratexia a seguir, mediante análise CAME (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar).
- Recoller as suxestións dos grupos de interese sobre a avaliación da situación actual e a prospectiva da situación futura.
- Recoller as suxestións dos grupos de interese sobre a definición da MVV e a selección de obxectivos estratéxicos.
- Definir as liñas e os obxectivos estratéxicos do PEC.
- Definir a Misión, a Visión e os Valores (MVV) do Centro.

Conforme o xa referenciado proceso PE-01, a Dirección da Escola, como órgano responsable, procedeu a nomear a Comisión ou grupo responsable para a elaboración do plan estratéxico, así como de seleccionar os grupos de interese que deben ser consultados e a forma de realizar e obter esa información.

A tal efecto, a comisión nomeada foi a Comisión Título/Calidade da Escola (CTC) formada polos seguintes membros:

- Mercedes Montes Rodríguez, Directora
- Luis Lamas Novo, Subdirector
- Ana Victoria Santín Sánchez, Responsable de Calidade

- María Gómez Barreiro, Coordinadora del Título
 - Rosa Díaz Alonso, Profesora
 - Antonio García Rojo, Profesor
 - Teresa Hermo López, Profesora
 - Santiago Zoilo Silva López, Profesor
 - Mercedes Cobo Carrasco, Profesora
 - Josefina Bergantiños Corral, representante PDI
 - Uxía -Alumna
- *Plan estratéxico de Centro - Cadro de Mando Xeral: liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e accións.*

Neste punto, No PEC 2024/2026 da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC), defínense, para cada unha das liñas estratéxicas, os seguintes obxectivos estratéxicos e accións :

LEC1.Oferta de titulacións adaptada as necesidades do mercado laboral

Obxectivo estratéxico: Diseñar e actualizar continuamente o plan de estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, asegurando a súa aliñación coas demandas do mercado laboral e as tendencias emerxentes

Xustificación do obxectivo estratéxico: O mercado laboral evoluciona constantemente, demandando novas competencias e habilidades. Adaptar a oferta educativa garante que os egresados sexan profesionais competitivos, con coñecementos actualizados e relevantes. Isto fortalece a empregabilidade e posiciona á Escola como un referente formativo.

Responsable de seguimento:

Inicio: setembro 2024

Dirección do centro

Fin: decembro 2026

Comisión Título Calidade

Acción 1: Realizar actividades que permitan ao estudiantado incorporar as novidades no contorno do mercado laboral.

Responsable da execución: Dirección do Centro

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: nº de actividades realizadas

Meta: realizar 3 actividades por curso

Acción 2: Planificar as ensinanzas de acordo coas novas necesidades do mercado laboral

Responsable da execución: CTC

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: Informes da Facultade de Santiago

Meta: Incorporación das modificacións na Memoria do título.

Acción 3 : Desenvolver actividades encamiñadas a dar a coñecer a titulación aos futuros alumnos

Responsable da execución: Dirección	<p>Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.</p> <p>Indicador: nº de actividades realizadas</p> <p>Meta: realizar 5 actividades por curso.</p>
-------------------------------------	--

LEC2.Persoal académico e de apoio a docencia

Obxectivo estratéxico: Asegurar un claustro docente altamente cualificado e motivado, que combine experiencia académica e profesional.

Xustificación do obxectivo estratéxico: Un claustro docente cualificado é esencial para garantir a calidade educativa. A formación continua e a incorporación de especialistas permiten ofrecer un ensino actualizado e en sintonía coas necesidades do mercado e a sociedade.

Responsable de seguimento:

Inicio: setembro 2024

Dirección do centro

Fin: decembro 2026

Acción 1: Promover cursos de formación continua en novas tecnoloxías e metodoloxías pedagóxicas

Responsable da execución: Dirección do Centro

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: nº de cursos programados

Meta: Que el profesorado realice 1 curso anual

Acción 2:Aumentar o número de docentes nas comisións da Escola

Responsable da execución: CTC

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: Tanto por cento de docentes que participan nas comisións

Meta: Acadar un 60% de participación de docentes nas comisións.

Acción 3 : Diseñar un sistema de incentivos para implicar ao PDI nas actividades da Escola

Responsable da execución: Dirección

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: nº de profesores que interveñen nas actividades

Meta: Acadar un 40% de participación.

LEC3 Recursos Humanos: Persoal de Administración e Servizos

Obxectivo estratéxico: Optimizar a xestión e os servizos administrativos para mellorar a experiencia de estudantes, docentes e colaboradores.

Xustificación do obxectivo estratéxico Un sistema administrativo eficiente e profesionalizado mellora a experiencia de todos os usuarios da institución. A dixitalización e a formación continua do PAS garanten unha xestión áxil e orientada ao servizo.

Responsable de seguimento:

Inicio: setembro 2024

Dirección do centro

Fin: decembro 2026

Acción 1 Programar cursos de formación continua en novas tecnoloxías sobre xestión administrativa

Responsable da execución: Dirección do Centro

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: nº de cursos programados

Meta: Que o PAS realice 1 curso anual

Acción 2 Desenvolver e implementar un plan de dixitalización para automatizar tarefas repetitivas e mellorar a eficiencia administrativa

Responsable da execución: Dirección do Centro

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: Xestión administrativa dixitalizada

Meta: automatización da xestión administrativa para reducir e aumentar a eficiencia do PAS

Acción 3 Solicitar subvenciones

Responsable da execución: Fundación Campus Universitario Lugo

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: subvencións concedidas

Meta: modernización da xestión administrativa

LEC4 Implantación da área de investigación

Obxectivo estratéxico: Converter á Escola nun centro de referencia en investigación aplicada ao ámbito laboral e dos recursos humanos.

Xustificación do obxectivo estratéxico: A investigación é un pilar fundamental de calquera institución educativa de prestixio. Fomentar a investigación aplicada en relacións laborais e recursos humanos permite á Escola contribuír ao coñecemento científico e á resolución de problemas reais no ámbito laboral.

Responsable de seguimento:

Dirección do centro

Inicio: setembro 2024

Fin: decembro 2026.

Acción 1 Ofertar programas de formación de investigación

Responsable de seguimento: Coordinador da área de Investigación

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: número de programas de formación

Meta: propoñer un programa por ano

Acción 2 Crear equipos de investigación

Responsable de seguimento: Coordinador da área de Investigación

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: cantidade de equipos de investigación

Meta: creación dun equipo de investigación en dous anos

Acción 3: Integración en programas de cooperación investigadora

Responsable de seguimento: Coordinador da área de Investigación

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: número de programas de cooperación

Meta: participar nun programa de investigación

Acción 4 Solicitud de subvenciones:

Responsable de seguimento: Fundación Campus Universitario de Lugo

Período de execución: setembro 2024- decembro 2026.

Indicador: número de subvenciones conseguidas

Meta: Obtención dunha subvención

LEC5 Información pública e visibilidade

Obxectivo estratéxico: Incrementar o recoñecemento e a presenza da Escola na sociedade e na contorna académica e empresarial.

Xustificación: Unha maior visibilidade e presenza pública reforza a reputación da Escola, atraendo estudantes, colaboradores e recursos. A interacción coa sociedade e o tecido empresarial facilita a transferencia de coñecementos e o posicionamento institucional.

Responsable de seguimento Equipo dinamización da Escola	Inicio: setembro 2024 Fin: decembro 2026
--	---

Acción 1 Actividades para promocionar a Escola

Responsable de seguimento: Equipo Dinamización da Escola	Período de execución: setembro 2024- decembro 2026. Indicador: número de actividades Meta: propoñer 10 actividades por ano
---	--

Acción 2 Formar parte do Programa Ponte da USC

Responsable de seguimento: Dirección do Centro	Período de execución: setembro 2024- decembro 2026. Indicador: número de actividades deseñadas pola USC Meta: Participar en todas as actividades
---	--

Acción 3 Manter perfis activos nas redes sociais creadas

Responsable de seguimento: Conserxería	Período de execución: setembro 2024- decembro 2026. Indicador: número de publicacións e interaccións Meta: Aumentar anualmente un 20% as publicacións e interaccións.
---	---

- *Plan Estratéxico da USC (referencia breve).*

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo do sistema universitario (LOSU), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) elabora o seu plan estratéxico (PEUSC) no que marca como liñas estratéxicas da universidade:

- O estudantado e a comunidade universitaria
- A formación e a docencia no novo contexto
- Os retos na política de persoal
- A investigación e a innovación como motor de desenvolvemento sostible e o benestar
- A senda da internacionalización
- A USC na era da transformación dixital
- A xestión eficiente dos recursos

O PEUSC elabórase a partir de tres condicións:

1. Un período de execución de tres anos (2024-2026) revisable ao finalizar un novo contexto de goberno da USC.
2. Recoller as formulacións da Programación Plurianual vixente e dos diferentes plans sectoriais aprobados polo CG.

3. Ser o marco xeral onde se acojen os plans estratéxicos das escola e facultades.

2 Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Política de Calidade. Vixencia.

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) conta cunha Política de Calidade na que marca como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de intereses. A Política de Calidade é un factor estratéxico para conseguir que as competencias, habilidades e destrezas tanto do alumnado egresados como dos seus estudantes e, en xeral de todo o seu persoal e por tanto, deben ser coñecidas por los empregadores e pola sociedade en xeral. Esta Política revísase cada vez que se produza un cambio ou sempre que se considere necesario . A máis recente actualización data de xuño de 2023, e está plenamente vixente.

Co fin de garantir a calidade na Escola, basea a súa política en catro principios:

- Responsabilidade
- Integración, participación e Igualdade
- Orientación ao alumnado
- Transparencia

O longo do curso 2023/2024 a Escola Universitaria de Relacións Laborais continuou traballando a fin de proporcionar unha formación de calidade, utilizando para elo toda a potencia dos seus recursos e servizos así como do seu persoal académico e de servizos.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC)

Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.

O Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) ten como referencia para a súa elaboración o Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2024-2026. De acordo co proceso PE-01, Planificación estratéxica, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico ten a mesma vixencia que o Plan Estratéxico da USC, co que debe estar aliñado. Unha vez aprobado o Plan Estratéxico do Centro, pola Xunta de Escola o 6 de febreiro de 2025 remitiuse a Comisión de Calidade Planificación Delegada de Consello de Goberno para a súa verificación.

No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Escola así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade. Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratéxico son os seguintes:

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO - LEC
LEC1 Oferta de titulacións, adaptada ás necesidades do mercado laboral
LEC2 Persoal Académico e de apoio a docencia
LEC3 Recursos Humanos: Persoal de Administración e Servizos
LEC4 Implantación da área de Investigación
LEC5 Información pública e visibilidade

1.3. Obxectivos de calidade.

Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

O Plan de Melloras da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo que figura na Memoria de Calidade 2022/2023 foi deseñado segundo o Proceso de Revisión e Mellora (PE-02) e seguindo o informe de acreditación 2023.

Dado que o noso título se imparte en dous centros da USC (Facultade de Relacións laborais e Escola Universitaria de Lugo), as accións de mellora afectan por unha banda os dous centros e por outra banda están aquelas accións que afecta só a Escola de Lugo.

No que respecta as accións que afectan os dous centros se deseñaron as seguintes:

Criterio 1, Organización e desenrolo: Punto débil: Falta de coordinación intercentros.

Propostas: Mellorar os mecanismos de coordinación intercentros incrementando o número de reunións e de seguimento dos resultados de aprendizaxe. Data de remate: Xullo 2024. FINALIZADA

Criterio 5 Recursos Materiais e Servizos: Punto débil: Mellorar os mecanismos de control da calidade dos recursos materiais e servizos cunha avaliación directa dos usuarios que permita extraer conclusións. Proposta: Desenrolar unha enquisa de satisfacción cos recursos materiais e servizos para estudantes, PAS e PDI. Data de remate: xuño 2024.

Criterio 6: Resultados do aprendizaxe: Punto débil: Falta de coordinación intercentros. Propostas: Reunión para analizar as taxas de rendemento, avaliación e éxito. Reunión para analizar as taxas de graduación. Reunión para informar dos cambios producidos nas programacións docentes de cada materia. Reunión para analizar os resultados das enquisas de satisfacción. Data remate abril 2024. FINALIZADA

Criterio 6 Resultados de aprendizaxe e Criterio 7 Resultados de Satisfacción e Rendemento: Punto débil: Alumnos matriculados en TFG que no realizan a solicitude, exposición e defensa do mesmo. Proposta: Taller sobre como

elaborar un TFG. Difundir información de cursos de formación que realiza a Biblioteca intercentros sobre esta temática. Información aos alumnos de primeiro curso o día do inicio de curso sobre as cuestións mais relevantes do TFG. Información que aparece na web da USC e na web propia. FINALIZADA

Criterio 7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento: Punto débil: Baixa taxa sin resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción a través de dúas iniciativas hasta alcanzar un 60% de resposta. Proposta: Solicitar ao 100% dos docentes que en unha das súas clases inste ao alumnado a cubrir as enquisas da súa materia. A través dos delegados de cada curso, representantes e alumnos/as titores/as, se informe ao 100% do alumnado sobre a importancia que ten a realización das enquisas de satisfacción. Punto débil: Elevada taxa de abandono por parte dos alumnos/as de primeiro curso. Proposta: Identificación das causas de abandono dos alumnos/as de primeiro curso (formularios e análise coas respostas dese formulario) FINALIZADA.

A Comisión de Título/Calidade da Escola Universitaria de Relación Laborais de Lugo (adscrita á USC) diseñou as seguintes accións de mellora:

Criterio 1 Organización e desenrolo: Punto débil Necesidade de incrementar a comunicación información cos alumnos/as de dispensa. Proposta: Dar a coñecer as características do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, así como do Centro ao alumnado de dispensa. Punto débil: Necesidade de mellorar a actividade dos coordinadores de curso. Proposta: Mellorar as accións e actividades de coordinación. Punto débil: Necesidade de mellorar a actividade dos coordinadores de curso. Proposta: Mellorar as accións e actividades de coordinación mediante reunións semestrales e elaboración de informes. Data de remate: Curso académico 2022/2023. FINALIZADA

Criterio 1 Organización e Rendemento: Punto débil: Escasa matrícula e demanda do título. Proposta: Incrementar as accións que melloren a captación e matrícula no Título. Para iso se realizarán vistas aos centros de ensino de Bacharelato e de Formación Profesional. Ademais promocionarse a Escola y o Título que se imparte nas redes sociais. Darase publicidade na prensa local e difusión das actividades e crearse un podcast de promoción e difusión do centro. Data de remate xuño de 2024. EN EJECUCIÓN

Criterio 2 Información e Transparencia. Punto débil: Necesidade de contar cunha páxina web mais eficiente. Proposta Dar maior visibilidade aos contidos da páxina web do centro. Data remate: Xuño 2023. FINALIZADA

Criterio 3 Sistema de Garantía de Calidade. Punto débil: Necesidade de contar cunha páxina web mais eficiente. Proposta Dar maior visibilidade aos contidos da páxina web do centro. Data remate: Xuño 2023. Punto débil: Necesidade de mellora e de actualización do Sistema de Garantía de Calidade do Centro. Proposta: 1. Inclusión no Manual de Calidade a composición da Comisión de Prácticas Externas e a súas competencias no Sistema Interno de Garantía de Calidade. 2. Inclusión da figura de Coordinador de Prácticas Externas e as súas competencias no SIGC. 3. Inclusión das figuras dos Titores Académicos no SIGC. Data remate: Xuño 2023. FINALIZADA

Criterio 4 Recursos Humanos: Punto débil Necesidade de profesorado doutor e de profesores a xornada completa. Proposta: Plan plurianual de contratación de profesores doutores e de profesores a tempo completo. Procederase a contratación cando se produza unha baixa no cadro de profesores actual. Fomentarase aos profesores actuais a presentación das súas teses doutorais no menor tempo posible. Data remate xuño 2027. Punto débil: Necesidade de actualización formativa dos profesores. Proposta: Fomentar a formación complementaria do profesorado, así como levar a cabo accións facilitadoras de dita formación. Data remate: xuño 2024. EN EJECUCIÓN

Criterio 7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento: Punto débil: Escasa matrícula e demanda do título. Proposta: Incrementar as accións que melloren a captación e matrícula no Título. Data remate: xuño 2024. Punto débil: Necesidade de maior contacto co colectivo de egresados para coñecer a súa actual situación laboral. Proposta Activar sistemas de comunicación eficaces cos egresados en aras de coñecer a súa traxectoria laboral e mellorar a súa empregabilidade. Data remate: xuño 2025. EN EJECUCIÓN

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC). (Situación: resultado curso anterior ao da Memoria).

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:

- *se o SGC permite introducir melloras nos títulos,*
- *se se realiza correctamente o seu seguimento,*
- *se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e*
- *se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).*

O SGC da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita a USC) conta cun proceso estratéxico de Revisión e Mellora (PE-02) que permite establecer, revisar e actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade, así como os resultados dos programas formativos incluídos no ámbito do SGC do noso Centro.

No desenvolvemento deste proceso a responsábel de calidade de acordo cos Procesos PE-02 y PE-05, recolle e revisa toda a información necesaria para a análise do Plan de Melloras anual do centro e o traslada a Comisión de Título/Calidade do Centro para a súa análise e a adopción de novas propostas de acción de melloras.

No curso 2022-2023 estaban previstas 15 accións de mellora. O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a Comisión de Calidade. Cómpre destacar que todas as tarefas recollidas no Plan de Melloras foron executadas satisfactoriamente dentro do prazo establecido. Isto evidencia o compromiso cos procedementos recollidos no SGC para o seguimento do título. O cumprimento das tarefas do Plan de Melloras acredítase mediante as correspondentes evidencias incorporadas a través da aplicación do Servizo de Calidade da USC.

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e Ínter-centros.

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

Co obxectivo de fortalecer a coordinación intercentros e de levar a cabo as recomendacións realizadas na última renovación da acreditación do título pola comisión de avaliadores da ACSUG, procedeuse ao deseño e aplicación dunha acción de mellora conxunta entre ambos os centros, a acción GRL-AM1 (Santiago e Lugo - 2021-2022). Un dos aspectos sinalados polos avaliadores externos da ACSUG foi a necesidade de coordinar a docencia a nivel de materia, homoxeneizar o desenvolvemento das guías docentes e equiparar os niveis de esixencia entre ambas as sedes, xa que “as taxas de rendemento son maiores en Lugo, con diferenzas moi significativas nalgunhas materias, cando o perfil de ingreso parece menos óptimo que en Santiago”. Aínda que as programacións docentes, o contido impartido nas materias, o sistema de avaliación e demais aspectos básicos do desenvolvemento das materias de Grao é único e idéntico para todo o título (independentemente de se este impártese en dous centros), realizouse un conxunto de reunións dirixidas a homoxeneizar todos os aspectos da docencia que non aparecen reflectidos nas programacións docentes, co obxectivo de minimizar as diferenzas de resultados académicos entre os centros. Empregando a figura de “Coordinador/a de Curso”, unha vez finalizado o proceso de renovación da acreditación, as docentes encargadas da coordinación de cada curso do título (1º, 2º, 3º e 4º) convocaron aos/as coordinadores/as de todas as materias anuais e cuatrimestrais do segundo semestre de Lugo e Santiago a 4 reunións (unha por cada curso do título). As reunións levaron a cabo o 1 de marzo de 2024 para os cursos de 2º e 4º e o 8 de marzo de 2024 para os cursos de 1º e 3º. A coordinadora e

cada curso guio e estruturou as reunións para que os docentes de cada unha das materias de ambas as sedes explicasen de forma pormenorizada e detallada o contido e o desenvolvemento das materias. O mesmo procedemento seguiuase a finais do segundo semestre, momento en que as coordinadoras de curso convocaron aos/as coordinadores/as das materias anuais e de primeiro semestre. As reunións dos cursos 2º e 4º levaron a cabo o 25 de xuño de 2024 e de 1º e 3º o 27 de xuño de 2024. Os resultados derivados da realización destas reunións poderanse comprobar na análise das taxas de resultados do curso actual 2024-2025, que serán proporcionados no curso académico 2025-2026. A Comisión Intercentros continúa realizando reunións periódicas para fomentar a coordinación académica. Por exemplo, a inicios do curso académico 2024-2025 (12 de setembro de 2024), a Comisión reuniuse e o Decano da Facultade, en calidade de responsable do título, lembrou a necesidade de poñer en práctica o acordado nas 8 reunións de coordinación da docencia.

1.6. Sistema SIGC/SGC.

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

Con data 13 de decembro de 2009, a ACSUG emitía o Informe da certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo. A valoración da Comisión Avaliadora foi FAVORABLE para a titulación que se imparte no Centro. O 31 de maio de 2013 se procedeu a creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.

A seguinte modificación produciuse o ano 2014. Nesta nova redacción se renovaron os indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC.

No curso 2017/2018 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual de Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos. Se suprimiron os procesos e os procedementos obsoletos

Seguindo as recomendación da ACSUG no informe de seguimento do curso 2021/2022., con data 8 de xuño de 2023 aprobouse a máis recente modificación (6ª versión) dos manuais institucionais de calidade e de procesos. A modificación consistiu na inclusión de novos procesos institucionais.

Con esta actualización, a Comisión de Título/Calidade do Centro considera que o SGIC está plenamente vixente.

1.7 Análise da satisfacción.

Adequación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

o SGC do centro conta co protocolo de soporte Xestión das incidencias (SQR) (PS-05) que establece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten no centro. No curso 2023/24 non existen queixas ni reclamacións en relación ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción do título impartido na Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) realizase de acordo co proceso institucional PI-01, *Deseño, modificación e extinción programas, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC*. O Plan de Estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos implantouse de acordo a memoria de verificación do Título. No ano 2023 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación que rematou cun informe favorable, polo que se pode considerar que o desenvolvemento do proceso é o adecuado.

O SGC da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita a USC9 conta cun proceso estratéxico PE-02 *Revisión, e Mellora* que facilita o seguimento anual do título. A Responsábel de Calidade é a encargada de recoller o desenvolvemento dos programas formativos e as evidencias donde consta a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Toda esta documentación trasládase a Comisión de Título/Calidade, que os revisa, analiza e, se procede, aproba as accións de mellora derivadas.

2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

***Facer referencia dos seguintes apartados en relación ás Titulacións oficiais impartidas.*

2.1. Memorias verificadas de Título: cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:

O plan de estudos correspondente ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos durante o curso 2023/2024, non tivo modificacións non substanciales e levouse a cabo de acordo á memoria de verificación do título, que renovou a súa acreditación en xullo de 2023.

2.2. Guías docentes: cumprimento de guías docentes;

As guías docentes do Plan de Estudos do Grado en RRLL e RRHH impartido na E.U. RRLL son as mesmas que as elaboradas pola Facultade de RRLL de Santiago para o curso 2023/2024. O profesorado da Escola cumpriu satisfactoriamente coa programación establecida nas distintas materias do plan de estudos. Proba dilo, é a puntuación que outorgou o alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INf 13_23_24) que realiza a ACMP. Así, os aspectos relacionados co este apartado son valorados polos alumnos da seguinte forma:

- a) O ítem “*Os docentes explican a programación da materia e os criterios de avaliación*”, ten un valor de 4,08 sobre 5 puntos.
- b) O ítem “*Cúmprese co programa de traballo previsto*”, ten un valor de 4,16 sobre 5 puntos.
- c) O ítem “*Os contidos desenvólvese conforme ao cronograma temporal da materia*”, ten un valor de 4,11 sobre 5.

2.3. Coordinación: procedementos de coordinación,

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) co obxectivo de garantir unha coordinación efectiva tanto horizontal como vertical na titulación de Grao e seguindo as recomendacións dos avaliadores externos da ACSUG no informe favorable da última renovación da acreditación do título, este centro deseñou dúas accións de mellora:

- 1) (GRL-AM1 (Lugo 2021-2022) consistente na realización de entrevistas ao alumnado de primeiro curso e dun seguimento individualizado por parte do profesorado co obxectivo de detectar posibles abandonos e proporcionar a axuda necesaria.
- 2) GRL-AM6 (Lugo 2021-2022) que ten por obxecto potenciar a coordinación dos docentes coordinadores de cada curso do título. Esta acción materialízase na posta en marcha de dúas iniciativas. En primeiro lugar, acordouse realizar reunións de carácter semestral entre os coordinadores de curso. En segundo lugar, os coordinadores de curso, elaborarán, con carácter semestral, un informe de seguimento da actividade realizada en cada período lectivo que será remitido ao Coordinador de Grao. Do mesmo xeito, no curso 2023/2024 procedeuse á creación dunha canle de whatsapp para unha maior eficiencia na coordinación docente dos catro cursos do título.

Do mesmo xeito deseñouse a acción de mellora GRL-AM2 (Santiago e Lugo - 2021-2022) que, de maneira indirecta, fortalece e garante a coordinación vertical entre alumnado e dirección dos centros. Esta acción materializarase en tres tarefas específicas que consisten en: 1) informarase o estudantado (especialmente ao matriculado en primeiro curso) da existencia e das funcións das figuras de Coordinador de Curso e Coordinador de Grao, o alumnado titor e os/as delegados/as de curso durante o acto de apertura do curso académico. Destacarase o seu papel como recursos de apoio e orientación aos que se pode acudir ante calquera problema que poida xurdir. 2) Realización dunha enquisa anónima aos /as estudantes de Grao para identificar factores de risco de abandono. 3) Unha vez analizadas as enquisas se se detectase algún problema convocar reunión coa dirección do centro e o estudantado co obxectivo de deseñar solucións.

Por último, esta Escola durante o curso 2023/2024 mantivo, a iniciativa referida á calendarización dos picos de traballo que o alumnado debe asumir fose do horario de clase. Para iso dispón dun sistema tabulado de cronogramas para cuxa elaboración participa todo o equipo docente. Este sistema serve para informar sobre os criterios de avaliación seguidos en cada materia e das posibles diferenzas que pode haber en casos puntuais, así como evitar períodos de sobrecarga de traballo .

Por outra banda, este Centro utiliza cada vez máis o Campus virtual de coordinación. O contido presentado no mesmo é :

- Proposta de encontro entre alumnado e profesorado de primeiro curso co obxectivo de poñer en común dúbidas, consultas ou suxestións.

- Comunicación das táboas ou cronogramas.

Comunicación da apertura de prazos para a realización de enquisas.

Ademais, co obxectivo de potenciar a coordinación co alumnado, faise un uso intensivo das redes sociais. Por último facer mención a que o contacto interpersonal directo e individualizado co alumnado é unha característica distintiva da Escola e un dos seus principais valores.

2.4. Perfil ingreso/egreso. Análise do perfil real de ingresos/egreso,

Polo que respecta á adecuación dos perfís de ingreso/egreso considerouse que segue vixente o establecido na Memoria de Verificación do Título. Cabe sinalar o axuste no número de prazas de novo ingreso ofertadas que se reduciu a 45. Con todo, isto non supuxo unha modificación na memoria conforme ao principio da ACSUG de facer estas modificacións de memoria cando haxa que facer outras modificacións substanciais.

Para as 45 prazas ofertadas no primeiro curso houbo 98 solicitudes, e 27 matriculados, o que supón una mellora considerable ao producirse un incremento do 42,2% respecto a os dous cursos anteriores.

Tal e como se especifica na MVT, non existe ningunha formación específica previa para o ingreso no título. Con todo, a formación previa que maior similitude garda co contido do Grao é o perfil de ciencias sociais. En canto ao perfil do alumnado que accede ao Grao, o informe de CIUG (Inf.CIUG_23_24) reflicte que máis da metade dos matriculados neste Centro son mulleres (63%). En canto ao perfil académico de acceso ao Grao, a maioría dos solicitantes proceden de bacharelato (75%) e un 25% de formación profesional.

En canto á orixe xeográfica, o alumnado de novo ingreso procede de Galicia. A maior parte da provincia de Lugo, seguida de Coruña, Pontevedra e Ourense.

No referente ás cualificacións de acceso á titulación de Grao el Inf.CIUG 23_24, describe que a nota media de acceso ao Grao no Centro de Lugo, foi de 8,290 para o alumnado procedente de bacharelato e 7,683 para o alumnado procedente de formación profesional. A nota de corte xeral foi de 5,662.

A nota media de acceso por preinscripción (In06G) sitúase nun notable , cun 8.14.

No que respecta a as preferencias do alumnado o informe da CIUG xa referenciado indica que o 48% elixe o título como parte do seu primeiras tres opcións. Desta porcentaxe o 24% escólleo como primeira opción.

En canto aos datos de matrícula, o 100% do alumnado fíxoo nos tres primeiros prazos, dos que o 79.2% fíxoo no primeiro prazo, porcentaxe que supera os datos de cursos anteriores.

2.5. Resultados da aprendizaxe: análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

No relativo á medida en que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación, a CTC de Grao analiza fundamentalmente as taxas de éxito e de gradación globais. Con respecto á taxa de éxito (92,25%) cómpre dicir que mantense con respecto ao curso anterior. Atópase por debaixo do previsto na

Memoria de Verificación do Título (80%). No caso da taxa de graduación subiu dun un 56,25% a un 75% e atópase por debaixo do establecido na Memoria (35%). Esta taxa de graduación é a máis alta dos últimos anos. A taxa de abandono sitúase nun 8,33%, mellorando considerablemente con respecto ao curso anterior (25%). Tamén reduciuse a taxa de abandono no primeiro curso que se sitúa nun 17,65%. (21,05% no curso 2022-23). A evolución destas taxas de avaliación obtidas no curso 2023/2024 deben ser analizadas en máis profundidade en función do curso. Por eso, se ha deseñado unha acción de mellora específica coa que se pretende mellorar os datos de matrícula y defensa de TFG (GRL-AM12 Lugo – 2021-2022).

Taxas	2021/2022	2022/2023	2023/2024
Taxa de rendemento	83,21	80,72	80,87
Taxa de éxito	90,65	92,46	92,25
Taxa de avaliación	91,79	87,3	87,67
Taxa de graduación	66,67	56,25	75
Taxa de abandono	20,83	25,0	8,33
Taxa de abandono durante o 1º curso	8,33	21,05	17,65

2.6. *Satisfacción da Titulación.*

Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Por último, en referencia a este punto, a Comisión Título/Calidade revisou esencialmente as enquisas que figuran nos informes 22 y 23. A CTC considera que, en promedio, tanto o profesorado coma o alumnado están satisfeitos coa titulación, cunha puntuación global de 4 e 3,39 respectivamente.

No curso académico 2023/2024 so consta unha reclamación dun estudante por non estar dacordo coa resolución dun recoñecemento de materias por experiencia profesional.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

- Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
- Mobilidade.
- Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
- Avaliación da aprendizaxe
- Prácticas externas.
- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Introdución: Garantía de aprendizaxe.

Evidencias claras e continuas da adequación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

3.1. Normativas.

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

A Escola de Relacións Laborais de Lugo desenvolve os seus programas formativos no marco da organización xeral da USC e da normativa vixente. A maiores, este Centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela segue as directrices que marca esta Universidade para a xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo (tanto as normas xerais como as regulamentarias susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título). Algunhas delas son xerais, mentres que outras conforman marcos regulamentarios susceptibles de adaptación para cada Centro ou Título. As principais normas, que se apuntan a continuación, poden consultarse nas direccións web:

https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

<https://www.usc.gal/gl/normativa/estudiantes/index.html>

- Resolución de 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se ditan instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do SUG.

- Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017).

- Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012)

- Resolución do 3 de decembro de 2014 pola que se acorda dar a publicación da modificación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster (Consello Social de 3/11/2014).

- Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (CG 14/03/2008)

- Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster (RR 15/04/2011)

o Acreditación do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira (acordo de CG de 28/05/2019)

o Acordo de CG sobre recoñecemento de créditos nos estudos de Grao conforme al art. 12.8 do RD 1393/2007 (CG 05/07/2016, modificado por CG 12/05/2017)

- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG 15/06/2011).

o Modificación da normativa de avaliación do rendemento académico (CG 05/04/2017)

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster (acordo CG 10/03/2016)
- Regulamento de acceso e admisión das ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral (CG 23/03/2011)
- Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES (CG 25/03/2010)
- Regulamento de prácticas académicas externas (CG 29/07/2015)
- Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC (CG 26/10/2012), modificado para as titulacións dobres ou programas de simultaneidade académica por acordo do CG de 18/07/2019.
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio (CG 03/03/2017), modificado en CG de 24/05/2018.
- Convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013)
- o Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 08/10/2015)

3.2. Admisión do alumnado (*accións de captación*).

Os criterios de admisión en la E.U. de Relacións Laborais de Lugo réxense pola normativa vixente aplicable ao acceso a estudos de grao no sistema universitario, así como a MVT, para acceder ao Grao en RRLL e RRHH, é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e ter superado as probas de acceso á universidade.
- Cumprir os requisitos esixidos para o acceso á universidade nos sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que España subscribise acordos internacionais nesta materia.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, para maiores de 40 anos con experiencia laboral ou profesional ou aprobada para maiores de 45 anos.
- Posuír un título de técnico superior de formación profesional, ensino de artes plásticas e deseño ou de técnico deportivo superior, ou títulos equivalentes.
- Ter un título universitario oficial de grao, máster ou un título dos correspondentes á anterior ordenación do ensino universitario (diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado...) ou títulos equivalentes.
- Ter cursados estudos universitarios parciais estranxeiros ou españois, ou que, ao finalizar os estudos universitarios estranxeiros, non obtivesen a súa homologación en España e desexen continuar estudos nunha universidade española. Neste suposto, será requisito indispensable que a universidade correspondente recoñeza cando menos 30 créditos ECTS.
- Estar en condición de acceder á universidade segundo ordenacións educativas anteriores á Lei Orgánica 8/2013, non incluídas nos apartados anteriores.

Ante o descenso do número de alumnos, a Comisión del Título/Calidade aprobou na súa reunión de fecha unha acción de mellora (GRL-AM13) orientada a mellorar a captación de estudantes e matrícula no Título. Así, en primeiro lugar, o Centro participou en todas as actividades previstas polo Programa Ponte da USC creado para a captación de novos alumnos. Ao efecto, confeccionouse un tríptico con información relacionada co título (plan de estudos, saídas profesionais, prezos, competencias. Exemplos deste tríptico entregáronse aos orientadores e ao alumnado dos centros de secundaria durante as charlas nas que participamos. Tamén participamos nos programas os Encontros na USC. Neste caso os alumnos de Bacharelato de distintos Centros de Lugo e provincia acudiron á Escola e recibiron toda a información do Título de modo persoal e con entrega de documentación (trípticos, carpetas) En segundo lugar, enviouse información sobre a titulación aos orientadores laborais dos Centros de Bacharelato e Formación Profesional de Galicia. En terceiro lugar,

empregáronse as distintas redes sociais que posúe a Escola (facebook, x, instagram, linkedin, you tube), para a difusión do Centro e da titulación. Tamén se programou dar a maior publicidade posible a través da prensa local, non só referente ao Título, senón tamén ás actividades que se desenrolan no Centro. Por último, prográmase como tarefa a creación dun podcast de promoción e difusión do centro.

3.3. *Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.*

En canto á formación, esta Escola sempre se caracterizou por dar ao seu alumnado unha formación complementaria moi completa e extensa. Durante o curso 2023/2024 impartíronse os seguintes cursos orientados a todos o alumnado matriculados neste centro:

- Curso sobre plans de Igualdade e protocolo de acoso forestal agrogandeiro, do 11 de setembro ao 10 de outubro de 2023
- Curso sobre intelixencia artificial e a Xestión de Recursos Humanos, do 16 de outubro ao 14 de novembro de 2023
- V Xornada IUSLABORALISTA, 18 de outubro de 2023
- Xornada Tempo de Traballo e renovación/revisión Directiva 2033/88/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, 30 de novembro de 2023
- Curso “Guía para a elaboración do Traballo Fin de Grao, o 29 de novembro de 2023
- Charla de concienciación, visibilización e coñecemento das enfermidades raras, 19 de febreiro de 2024.
- Curso de habilidades brandas (SOFT SKILLS) , do 19 de febreiro ao 12 de marzo de 2024
- Xornadas de saídas profesionais, 18 de marzo de 2024
- Actualización normativa da Seguridade Social 2024, 21 de marzo de 2024.
- Xornadas de saídas profesionais : oportunidades laborais na Seguridade Social, 8 de abril de 2024
- Curso de intelixencia emocional e xestión de conflitos, do 8 ao 30 de abril de 2024.
- Xornadas de Futuro Laboral, 15 de abril de 2024.

Por último facer mención a que neste curso 2023/2024 extinguiuse o curso ponte de Grao en RRLL e RRHH

3.4. *Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.*

En canto a orientación académica, dende a E.U. de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC), garántese o fácil acceso á información relevante do título, fundamentalmente a través da nosa propia páxina web (<https://relacioneslaboraleslugo.com>) y da páxina web da USC (<https://usc.gal>)

Neste punto leváronse a cabo as seguintes accións:

Xornada de Acollida: O primeiro día lectivo do curso, o equipo directivo e docente do Centro, xunto coa Coordinadora de Grao e de curso reúnese cos alumnos matriculados por primeira vez no Grao en RRLL e RRHH a fin de orientalos na nova andadura universitaria que comezan. Para este acto, o centro conta ademais coa axuda dos alumnos que se presentan e explican a súa función de acompañamento e asesoramento ao alumnado de novo ingreso.

Actividades primeira semana de curso:

1. Explicación da programación docente (calendario, sistema de avaliación, metodoloxía da ensinanza)
2. Elección de Delegado de curso Durante

- **Xornada de Benvida organizada pola Vicerreitoría de Estudantes de Universidade de Santiago de Compostela (USC)** cun programa con unha gran variedade de actividades para todo o alumnado universitario de Lugo.

- Programa de Alumnos Titores da USC": A través da páxina web da Escola, e as Coordinadoras do curso do Grao informase das convocatorias de este programa. No curso 2023/2024 no tivemos alumnos/as titores..

3.5. Mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes son aprobadas pola Facultade de Relacións Laborais de Santiago de Compostela.

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.

3.8. Prácticas externas.

As prácticas externas en empresas, de carácter optativo, constitúen unha oportunidade única para o alumnado de Grao, pola ampla variedade de posibilidades en empresas e institucións ofertadas, e pola adquisición de competencias relevantes a efectos da súa futura incorporación ao mercado laboral.

No Centro existe a figura dun Coordinador de Prácticas encargado da xestión específica das mesmas. Cóntase con convenios asinados con organizacións que reflicten fielmente a variedade de saídas profesionais dos graduados en RRL e RRHH. O listado de organizacións é moi variado, por exemplo, existen convenios en vigor con asociacións sen ánimo de lucro, consultarías de recursos humanos, consultarías laborais, entidades públicas como Administracións Locais, empresas de traballo temporal, sindicatos, despachos de avogados ou mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A Escola conta con máis de 38 convenios de colaboración.

Ditos convenios renóvanse cada 4 anos e o listado de empresas actualízase de maneira anual. Para solicitar a realización de prácticas, o alumnado conta con dúas alternativas: (1) escoller algunha entidade das ofertadas polos centros ou (2) propoñer outras organizacións (prácticas propiciadas). En ámbolos dous casos, o procedemento e os sistemas de coordinación co alumnado e profesionais é o mesmo.

O procedemento seguido pola Escola é o seguinte. Unha vez publicadas as listas definitivas de asignación das empresas, o Coordinador de Prácticas contacta a todos os alumnos/as e titores/as das empresas co obxectivo de repasar o plan de prácticas, as datas, as tarefas a realizar, a documentación necesaria ou o sistema de avaliación. O Coordinador de Prácticas comunícase de maneira periódica co/a alumno/a en prácticas para comentar, como se está desenvolvendo a actividade, que tarefas e funcións desempeña o/a alumno/a ou calquera incidencia que poida ocorrer. Toda a documentación de carácter administrativo

referida ás prácticas (p. ex., convocatorias, listados de asignación, formato de memoria de prácticas) atópase dispoñible para todo o alumnado na páxina web propia da Escola (www.relacioneslaboraleslugo.com).

Unha vez rematadas as prácticas, os/as alumnos/as deben elaborar unha memoria de prácticas na que reflicten, entre outros aspectos, unha descrición detallada das tarefas e funcións realizadas durante o período de prácticas e unha valoración das mesmas.

No curso académico 2023-2024, houbo un total de 18 solicitudes para a realización de prácticas profesionais por parte do alumnado. Destas, 16 solicitudes foron para a realización das prácticas en organizacións ofertadas polo centro. As restantes, 2, foron solicitudes para a realización de prácticas propiciadas en organizacións suxeridas polo alumnado.

As asignacións efectivas de prazas adoita ser inferior ao número de prazas ofertadas polo centro . O motivo máis frecuente é que o alumnado escolle outras materias optativas para cubrir os créditos necesarios de optatividades. En total, no curso 2022-2023 houbo 45 prazas de prácticas asignadas, 30 en organizacións ofertadas polo centro e 15 en organizacións suxeridas polo alumnos (prácticas propiciadas). Estes datos aparecen reflexados na seguinte táboa:

Curso académico 2023-2024	
<i>OFERTA DE PRACTICAS (Evidencia 20)</i>	
<i>Ofertadas por el centro</i>	16
<i>Propiciadas por el alumnado</i>	2
OFERTA TOTAL	18
<i>ASIGNACION DE PRACTICAS (Indicador complejo 11)</i>	
<i>Asignaciones prácticas ofertadas por el centro</i>	9 + 1 EXTRACURRICULAR
<i>Asignaciones a las prácticas propiciadas</i>	2
ASIGNACIONES TOTAL	11

No curso 2023/2024, os datos das enquisas sobre a satisfacción dos estudantes coas prácticas externas reflicten un grao de satisfacción global elevada (4,56), superando a valoración outorgada no curso 2022/2023 (4.15).

A boa xestión das prácticas externas vese así mesmo reflectida nos datos de satisfacción dos títos profesionais. O informe 7 (Inf.7_23-24) , con un 46,7% de taxa de participación, valorou con puntuacións superiores a 4 todas as dimensións da escala de satisfacción. O 72,22% contrataría aos estudantes recibidos e o 94,74% volvería a ofertar esa praza para prácticas.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

A asignación dos Traballos de fin de Grao na Escola ofrece tres modalidades: opción A, o/a alumno/-a fai unha proposta de tema para o TFG (28 no curso 2022/23 para o Grao) ao membro do PDI, que acepta a titorización. Opción B, oferta de TFG que realiza o centro (24 no 2022/23) a través dun listado publicado na páxina web do mesmo, para o alumnado que non se acolla á modalidade A ou B. Opción C sería prórroga do TFG propostos no ano anterior e que non se presentaron (5 no 2022/2023).. A supervisión

dos TFG é realizada polo profesor titor responsable da titorización a través de titorías programadas co/-a estudante.

A avaliación dos TFG realízase a través da presentación e defensa ante dous tribunais, un asignado á TFG da rama xurídica, e outro para os TFG da rama de recursos humanos.

Os datos de matrícula e defensa de TFG, descríbense na seguinte taboa:

Curso académico 2023-2024	
GRAO EN RRL Y RRHH	
<i>Alumnado de Grao matriculado no TFG</i>	23 (17 novos e 11 repetidores)
<i>Alumnado de Curso Ponte matriculado l TFG</i>	17 (2 graduados, un novo e 3 repetidores)
Total matrículas TFG	40
Total TFG defendidos	25

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

No curso 2023/2024 mantéñense sen cambios os módulos e materias ofertadas no Plan de Estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, así como os criterios de ensinanza e avaliación aplicados. Estes continúan a garantir, xunto co conxunto de actividades formativas organizadas polo centro, a correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Nos seguintes apartados, descríbense pormenorizadamente os resultados de aprendizaxe do alumnado:

Taxa de Rendemento

A taxa de rendemento (In34G) ou a relación en termos de porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e o número de créditos ordinarios nos que se matricularon mantense estable nos últimos cursos cunha magnitude dun 80.87.

En canto á taxa de rendemento en función do curso, no curso 2023/2024, a taxa máis reducida prodúcese no segundo curso , cunha magnitude do 72.06%. As taxas de primeiro, terceiro e cuarto son considerablemente superiores: do 83.44%,84% e 84.75% respectivamente.

Taxa de éxito

En canto á taxa de éxito ou relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, os datos reportados no indicador 35 (In35G) sinalan esta taxa segue unha tendencia estable e satisfactoria, manténdose nos últimos anos por enriba do 90%. En concreto no curso 2023/2024 , presenta un valor de 92,25%.

Ao analizar a taxa de éxito por curso, observamos que se produce un descenso da magnitude desta taxa, baixando do 90% ata un 85.30%, mentres que o primeiro curso, terceiro e cuarto aumenta a un 92.12%, 90.86% e 99.29% respectivamente.

Taxa de Avaliación

O Indicador 36 (IN36G) reflicte os resultados obtidos na taxa de avaliación para o curso 2023/2024.

Analizado devandito indicador, pódese concluír que os datos reflectidos seguen unha tendencia moi parecida á obtida na taxa de rendemento e na taxa de éxito, xa que o dato media foi dun 87.67%.

Por curso, a evolución da taxa de avaliación de segundo curso (84.33% é lixeiramente inferior á de primeiro (90.50% e alcanza a súa máxima magnitude en terceiro (92.57%, para volver descender en cuarto (84.89%). A diminución producida en cuarto curso é debida á porcentaxe de defensa de TFG. Por este

motivo deseñouse unha acción de mellora (GRL-AM2 Lugo- 2021-2022) coa que se pretende mellorar os datos de matrícula e defensa de TFG.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

O informe 22 describe o grao de satisfacción dos estudantes coa titulación. Nel indícase que , en media, o alumnado está satisfeito coa titulación, cunha puntuación global de 3,23, dato superior ao curso 2022/2023. Os aspectos cos que o alumnado se atopa máis satisfeito son os trámites de matriculación (3.90), a información dispoñible sobre a titulación (3.41) a utilidade do campus virtual (3.86) ,a atención prestada polo persoal de administración e servizos (3.41) e os horarios (3.20).

Durante o curso 2023/2024 só se produciu un recurso sobre a desestimación de validación de materias por experiencia profesional.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Persoal académico.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:

O PDI da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións con relación ao título impartido. Como centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, presenta varias peculiaridades en canto á organización académica. En primeiro lugar, depende academicamente da Facultade de Santiago, o que implica unha coordinación estreita con esta institución. Ademais, a contratación do profesorado realízase a través da Fundación Campus Universitario, entidade da que depende esta Escola Universitaria. Esta relación institucional garante unha xestión académica e administrativa aliñada cos principios fundacionais e os obxectivos estratéxicos da Escola. En canto á vinculación contractual, a maioría do corpo docente mantén unha relación laboral coa Fundación, conforme á normativa vixente en materia de contratación. Con todo, cóntase cun docente cuxa relación se formaliza mediante un contrato de arrendamento de servizos, en función das características específicas da súa colaboración.

Cada curso académico, a Universidade outorga a estes docentes a correspondente *venia docendi*, requisito indispensable para a impartición de docencia no marco universitario. Este procedemento asegura que o profesorado cumpre cos estándares académicos e profesionais esixidos pola institución universitaria.

4.1.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios incluídos nas memorias de verificación.

O número de docentes ha variado con respecto ao que figura no apartado 6 do anexo de la MVT. No curso 2023/2024, a Escola conta con 15 docentes. Mantense o mesmo número de docentes, que en anos anteriores, pero hai que destacar que, desde o curso 2021/2022, dous profesores solicitaron a baixa voluntaria por diversos motivos (xubilación, traslado), e foron substituídos, cumprindo a Acción de Mellora GRL-AM 14 (Lugo 2021-2022), por doutores ou predoutores.

4.1.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo para o desenvolvemento das actividades docentes asignadas. A formación, experiencia e traxectoria profesional dos docentes garanten a calidade do ensino e a adecuación dos contidos impartidos aos obxectivos formativos dos programas académicos.

O profesorado da Escola conta con titulacións académicas plenamente pertinentes e aliñadas coas materias que imparten, abarcando disciplinas como Dereito, Administración e Dirección de Empresas (ADE) e Psicoloxía. Esta adecuación formativa garante a coherencia entre a especialización do docente e os contidos curriculares de cada materia.

O claustro está conformado por profesionais con distintos niveis de cualificación académica, incluíndo tanto doutores como docentes en etapa predoutoral, o que achega unha combinación equilibrada de experiencia investigadora e renovación académica. Esta diversidade nas traxectorias formativas e profesionais enriquece o proceso de ensino-aprendizaxe.

Cabe destacar que tres dos profesores desenvolven actualmente actividade investigadora, o que contribúe á actualización constante do coñecemento impartido e fortalece o vínculo entre docencia e investigación, en liña cos estándares de calidade universitaria.

4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.

De acordo con os datos recolleitos no Informe de Satisfacción do Profesorado correspondente ao curso 2023/2024 (INF.23 23-24), a valoración global do profesorado respecto a a titulación e ao seu labor docente é elevado, alcanzando unha puntuación media de 4,04 sobre 5, o que representa unha mellora significativa respecto ao curso anterior 2022/2023, no que se obtivo unha media de 3,89.

O profesorado manifesta unha percepción positiva sobre a organización xeral da titulación, cunha puntuación de 4,06, destacando especialmente a atención e o apoio brindado polo persoal de administración e servizos da Escola, que recibe unha valoración de 4,43. Así mesmo, a información proporcionada sobre a titulación é ben valorada, cunha puntuación de 4,25, o que reflicte unha adecuada comunicación institucional.

Con todo, o aspecto que recibe a valoración máis baixa, aínda que tamén mostra unha mellora respecto ao curso anterior, é a implicación do alumnado. En concreto, a regularidade na asistencia a clase e o grao de compromiso do estudantado obteñen unha puntuación de 3,59.

No que respecta á calidade da docencia impartida na titulación, o profesorado valóraa de forma moi favorable, cunha puntuación media de 4,19, o que reforza a percepción positiva xeral sobre o desenvolvemento académico do programa.

4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade.

Neste punto, é importante sinalar que o profesorado conta con limitacións de acceso ás actividades de formación continua, porque nalgunhas ocasións non se pode matricular por pertencer a un centro adscrito. De todos os xeitos, desde a Escola promóvense iniciativas que foron recollidas no cadro de Accións de Mellora para fomentar a formación do seu corpo docente (ver AMGRL-AM9 (Lugo 2021-2022)).

Así, co obxectivo de incentivar as actividades formativas, desde a dirección do centro, durante o curso 2023/2024 propiciáronse as seguintes actividades:

- CURSO SOBRE INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS (Referencia especial ao sector primario) de 30 horas de duración.
- CURSO DE HABILIDADES BRANDAS (SOFT SKILLS), de 30 horas, de 30 horas de duración.
- CURSO DE INTELIXENCIA EMOCIONAL E XESTIÓN DE CONFLITOS, de 30 horas de duración.

4.1.5. Actividade investigadora.

4.1.6. DetECCIÓN DE NECESIDADES DE PERSOAL ACADÉMICO.

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI é suficiente e axeitado para atender ás necesidades do título que se imparte no Centro de profesorado estable. Cómpre ter en conta que a de acordo co informe da Comisión avaliadora para a renovación da Acreditación, se debe incrementar o porcentaxe de doutores e ofrecer indicadores sobre as capacidades docente e investigador do profesorado. Como xa se comentou, abriuse unha acción de mellora para o curso 2022-23 co fin de mellorar as condicións dos recursos humanos do centro (AM-14), cuxo cumprimento remata no ano 2007

4.2. Persoal de apoio.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio

4.2.1. Suficiencia e adecuación: *mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.*

En canto ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), tamén dependente da Fundación Campus Universitario de Lugo, está conformada polo seguinte persoal:

- Servizo de Conserxería: 1 Conserxe
- Servizo Administrativo: 1 Administrativo
- Responsable asuntos económicos: 1 Responsable

Este persoal considérase suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e alumnado. O número de persoas na categoría de persoal de administración non sufriu variacións (3 persoas). Dous con dedicación completa e unha con dedicación parcial. A súa valoración media respecto da satisfacción con seu traballo acadou unha puntuación de 4,04 para o curso 2023/2024, parecida a obtida no curso 2022/2023 e superior á obtida para o curso 2021/2022, que fora de 3,50.

4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.

Neste punto, é importante sinalar que coma o profesorado, o persoal de apoio conta con limitacións de acceso ás actividades de formación continua, porque nalgúns casos non se pode matricular por pertencer a un centro adscrito. De todos os xeitos, desde a Escola promóvense iniciativas para a súa formación.

4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

De acordo con os datos recolleitos no Informe de Satisfacción do PAS correspondente ao curso 2023/2024 (INF.21 23-24), a valoración global do persoal de apoio respecto o seu traballo é elevada, alcanzando unha puntuación media de 4,04 sobre 5, o que representa unha mellora significativa respecto ao curso anterior 2022/2023, no que se obtivo unha media de 3,50.

O PAS manifesta unha percepción positiva sobre o coñecemento das súas funcións e responsabilidades (4.12) destacando especialmente a comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as (4.23). Así mesmo, a súa integración e participación e cooperación e axeitada, o que reflicte unha adecuada comunicación institucional.

Con todo, o aspecto que recibe a valoración máis baixa, aínda que tamén mostra unha mellora respecto ao curso anterior, é a implicación do alumnado. En concreto, a regularidade na asistencia a clase e o grao de compromiso do estudiantado obteñen unha puntuación de 3,59.

No que respecta á calidade da docencia impartida na titulación, o profesorado valóraa de forma moi favorable, cunha puntuación media de 4,19, o que reforza a percepción positiva xeral sobre o desenvolvemento académico do programa.

4.2.4. *Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia*

Como se pode ver, a Escola conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, Por outro lado, a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As numerosas funcións da RCC son asumidas pola Secretaria Académica. En todos estas funcións a RCC é asistido/a polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os/as coordinadores/as de título.

Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

- *Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.*
- *Disposición de acesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.*
- *Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos de reprografía; bibliografía recomendada, etc.*
- *Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.*

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) está situada nun edificio que dispoñe das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, en termos de infraestrutura e mobiliario.

Tanto os espazos físicos como as infraestruturas e os recursos materiais postos a disposición do alumnado son suficientes para o desenvolvemento da docencia no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos impartido neste Centro.

No referente ás instalacións, o centro conta cun aula de 120, 97 e 70 prazas, e dúas aulas de 60 prazas. Todas as aulas dispoñen de monitor de TV ou canón con pantalla de proxección, e ordenador conectado á rede, pizarras dixitais, e zonas de carga para dispositivos electrónicos. Ademais a Escola pon a disposición do profesorado e alumnado ordenadores portátiles. Hai que destacar que se dispón de rede wifi accesible en todas as instalacións.

A web da Escola dispón dun acceso coa información dos espazos do Centro: [La Escuela - E.U. de Relaciones Laborales de Lugo](#)

A normativa de accesibilidade címprese en todos os espazos da Escola garantindo desta forma a seguridade no acceso a todas as persoas. Así, na entrada principal dispónse dunha rampla de acceso ao Centro. Existe un ascensor que comunica a planta baixa coa primeira planta (acceso ás aulas e despacho dos profesores) e a planta segunda (Despacho de profesores e sala de reunións). Tamén se conta cos equipos necesarios de emerxencia (extintores e desfibrilador), así como as correspondentes saídas de emerxencia.

A Escola posúe un servizo de prevención alleo contratado pola Fundación Campus Universitario de Lugo, que é o encargado de levar a cabo a implantación do correspondente plan de prevención onde se regula a acción preventiva da mesma, as medidas preventivas a adoptar, a formación e información a traballadores, a vixilancia da saúde...

A Escola comparte edificio coa Facultade de Humanidades e a Escola Universitaria de Enfermería, o que implica compartir espazos físicos e dispor de espazos comúns aos tres centros. En consecuencia, podemos distinguir:

- Instalacións propias da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (Despachos equipo directivo, servizos administrativos, despachos de profesores, sala de reunións) distribuídos nas tres plantas que conforman o edificio.

- Instalacións compartidas cos outros dous centros ubicadas na planta baixa e primeira planta do edificio (Cafetería, Salón de Actos, Salón de Graos, Sala de Lectura, Aulario).

Os servizos de Xestión Académica postos a disposición do alumnado son apropiados. Este é un servizo onde non só se atende ao alumno de maneira presencial na secretaría do Centro, se non tamén está informatizado tanto na páxina web institucional da USC (Secretaría Virtual do alumno) como na páxina web propia da Escola (Formularios). Ademais, a USC conta cunha Sede electrónica, que posibilita a realización de trámites e consultas (registro, sinaturas, expedientes, solicitudes) durante as 24 horas do día.

Para unha mellor adaptación dos alumnos de primeiro curso se está a realizar un programa de titorización personalizado.

5.2 Orientación académica. Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

En relación con este punto, a USC ofrece ao alumnado da nosa Escola unha serie de servizos de orientación académica:

- A oficina de información universitaria (OIU) é o servizo da USC que proporciona ao alumnado información acerca de todos os trámites e requisitos para o acceso, admisión e matrícula. Ademais, Toda esta información pode atoparse na páxina web da USC e tamén nos carteis, dípticos, etc. que edita e difunde a USC.
- A Área de orientación laboral e emprego, que provee información dirixida aos estudantes cando están a finalizar os estudos, para á súa incorporación ao mercado laboral.
- O Servizo de axudas e servizos ao alumnado presta a axuda necesaria para tramitar as axudas e bolsas que convocan as diferentes administracións públicas para a realización de estudos de Grao como de posgrao.
- Servizo Universitario de residencias, que ten como finalidade orientar os novos estudantes acerca dos aloxamentos onde poden residir mentres dure a súa estadía en Lugo.

Este servizo de información universitaria complementábase coa información prestada ao alumnado desde a dirección e secretaria do Centro. De feito no curso 2023-2024, o alumnado recorreu á Escola como fonte de información.

5.3 Xestión académica. Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

Os servizos de Xestión Académica postos a disposición do alumnado son apropiados. Este é un servizo onde non só se atende ao alumno de maneira presencial na secretaría do Centro, se non tamén está informatizado tanto na páxina web institucional da USC (Secretaría Virtual do alumno) como na páxina web propia da Escola (Formularios). Ademais, a USC conta cunha Sede electrónica, que posibilita a realización de trámites e consultas (registro, sinaturas, expedientes, solicitudes) durante as 24 horas do día.

Para unha mellor adaptación dos alumnos de primeiro curso se está a realizar un programa de titorización personalizado.

Para dar a coñecer as características do Grao así como do centro aos alumnos que teñen concedida a dispensa, se levan a cabo actuacións específicas a través da aplicación TEAMS.

Tamén facilítase aos alumnos de 4º matriculados no TFG información sobre as cuestións máis relevantes da elaboración do TFG. Así no primeiro día de inicio do curso se lles comenta as cuestións máis relevantes do TFG, indicándolles onde poden encontrar información na páxina web da USC e na web propia. Ademais, se difunde información dos cursos de formación que realiza a Biblioteca intercentros sobre esta temática. A Escola imparte un Taller sobre como elaborar un TFG que aborda tanto os aspectos de procedemento como metodolóxicos.

Dentro dos servizos de atención ao estudantado, creouse a Acción de Mellora 10 e executouse tarefas 2 e 3 consistente en abrir na páxina web da Escola un apartado específico e visible de queixas e suxestións (<https://relacioneslaboraleslugo.com/contacto-2>) e formularios (<https://relacioneslaboraleslugo.com/formularios>).

5.4 Programas de acollida. Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.

No relativo aos programas de acollida, o primeiro día lectivo, a dirección do centro, o profesorado e os alumnos tutores reciben ao novo alumnado a fin de explicarlles as cuestións referidas á vida académica na Escola e no Campus de Lugo. A estrutura desta xornada de benvinda organízase nos seguintes bloques:

BLOQUE 1. Presentación de colectivos de interese:

- Equipo directivo do centro
- Coordinación do título e dos distintos cursos
- Persoal PAS do centro
- Alumnos tutores

BLOQUE 2. Características do título:

- Estrutura do título (créditos ECTS, carácter das materias, TFG, docencia expositiva e interactiva, materias de 1º

para os alumnos de grao)

- Calendario académico
- Horarios
- Exames
- Actividades educativas
- Xestións máis comúns (dispensa de asistencia a clase, recoñecemento de créditos

BLOQUE 3. Canles de comunicación:

- Web do centro
- Campus virtual das materias e campus virtual da coordinación do título
- Correo electrónico oficial da universidade
- Microsoft TEAMS

BLOQUE 4. Visita polas instalacións do Centro (Aulas, despacho profesores, servizos administrativos e equipo de goberno, cafetería, sala de lectura

Outro recurso co que conta esta Escola de Lugo é a figura do “Alumno Titor”, unha posición que se desempeña voluntariamente (especialmente entre o alumnado de 2º, 3º e de 4º curso de Grao) e que se convoca anualmente baixo o “Programa de Titores” da USC. O estudiantado titor atópase matriculado nunha titulación de Grao (en 2º, 3º ou 4º curso) e orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora no centro, tratando de favorecer a súa integración. Concretamente, o programa de titores desenvólvese ao longo de dous cursos académicos. Na primeira etapa fórmase ao estudiantado para que coñeza o funcionamento da USC e as técnicas para poder orientar aos estudantes de novo ingreso. Na segunda etapa, estes estudantes dan acollida ao estudiantado de 1er curso e colaboran co programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC.

Para exercer estas funcións, deséñase un horario e ponse á súa disposición un espazo no centro cando a actividade así o require. En resumo, as funcións que realizan son:

- Participar na recepción do alumnado de novo ingreso.
- Participar nas actividades de información sobre a oferta de servizos da universidade e sobre a organización e funcionamento da Escola.
- Colaborar nas actividades que organiza o programa “A Ponte” dirixidas ao alumnado de educación secundaria como, por exemplo, colaborar na súa recepción cando se desprazan aos distintos centros da USC.

Ademais, o mencionado programa “A Ponte” da USC ten por obxecto promover a orientación académica para potenciais futuros estudantes do Grao. No marco deste programa desenvólvense varias actividades de promoción e orientación dirixidas ao alumnado do ensino medio co obxectivo de dar a coñecer os estudos de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A execución deste programa materializouse no curso 23-24 en varias actividades específicas. Por unha banda, levou a cabo o acompañamento do alumnado de educación secundaria nos encontros programados no centro. Estes encontros consistiron nunha visita guiada polas instalacións da Escola na realización dunha reunión na que o alumnado recibiu información sobre aspectos vinculados ao Grao en RRL e RRHH, obxectivos do título, saídas profesionais, estrutura curricular, etc.). Nestas visitas guiadas tamén se involucra aos representantes dos estudantes de Grao. Doutra banda, programouse a realización de encontros

en liña entre profesorado do centro e calquera alumno de ensino medio que desexase informarse sobre o título ou recibir unha orientación máis personalizada. Estes encontros serven tamén para dar resposta ás posibles dúbidas e inquietudes relacionadas co estudo da titulación na USC.

5.5 Prácticas externas. No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Neste punto, considérase que as instalacións nas que se realizan prácticas externas son adecuadas para adquisición das competencias.

De feito a avaliación das instalacións onde se realizan prácticas externas é moi positiva. Así no informe 6 (Inf.6_23-24) describe a satisfacción do alumnado con aspectos específicos das prácticas externas. Un dos aspectos mellor valorados foi as instalacións e os medios con que contan as organizacións onde teñen lugar as prácticas e medios das organizacións, con una puntuación de 4,83

5.6 Satisfacción nos recursos e servizos.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos

A satisfacción do alumnado con estes servizos pódese ver no informe INF22 de satisfacción coa titulación, obtendo unha nota media no grao de 3,23. É importante indicar que este informe elabórase cunha participación do alumnado baixa do 6,38. No curso 2023-24, a valoración da atención prestada polo PAS da Escola é dun 3,59. En calquera caso, tanto a satisfacción do alumnado coa titulación como a valoración global

do curso académico 2023/2024 aumentou con respecto ao curso anterior, pasando dunha puntuación 3,09 e 3,16 no curso 2022/2023 a unha valoración de 3,23 e 3,39 respectivamente.

Por último apuntar que durante o curso 2023/2024 non recibimos queixas ou suxestións relativos aos recursos materiais e servizos. **Mirar Acción de Mejora**

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Información pública. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.

6.1. Recollida, análise e utilización da información.

A xestión da información pública da Escola de Relacións Laborais desenvólvese conforme ao descrito no proceso de soporte PS-06, Información pública, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante da titulación que nela se imparte, faise pública, revisase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.

A actualización da información pública realízase periodicamente polo persoal responsable (Conserxería) ao longo de cada curso académico.

6.2. Publicación da información

O principal medio para publicar información é a páxina web propia (www.relacioneslaboraleslugo.com), e na web da USC, onde temos un espazo cunha estrutura similar á doutros graos da Universidade.

Nelas pódese atopar toda a información xeral do título: plan de estudos, horario, exames, profesorado, oferta e admisión, prácticas, traballo fin de grao, e indicadores de calidade.

Nos apartados dedicados ao plan de estudos pódese acceder ás guías docentes de cada materia.

A información sobre o SGIC atópase tanto na web da Escola como na web institucional da USC. Nesta pestana inclúese todos os contidos relacionados coa súa estrutura, órganos de xestión, documentación e indicadores.

Empregáanse ademais outras canles de información pública como son os taboleiros de anuncios do edificio e das correspondentes aulas. Así como, as redes sociais.

En canto ao tema de Calidade a pestana da web dedicada a mesma inclúe información sobre os informes de seguimento e os distintos indicadores relacionados coa titulación acreditación . Tamén valorou positivamente a difusión que se fai do título en redes sociais.

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

O esforzo feito polo Centro para a actualización da información pública a través da páxina web (AM 10) viuse recompensada pola valoración dada polo alumnado no informe INF 20 ao experimentar un aumento con respecto ao curso 2022/ 2023 pasando dun 3,30 a un 3,41.

6 Plan de Melloras do centro

Obxectivo a acadar: Aumentar a taxa de participación do alumnado na resposta de enquisas						
Responsable do obxectivo: Decana da Facultade e Directora da Escola				Data inicio: novembro 2022	Data fin: maio 2024	
Obxectivo estratéxico relacionado		4.1.B Aplicar enquisas				
Procesos clave relacionados		PS-04 Control de Documentos de dos Rexistros				
Indicador/es de medición		Evidencia documental	Meta a acadar	Mellorar taxa de participación do alumnado na resposta de enquisas a de participación do alumnado na resposta de enquisas.		
Accións de mellora relacionadas (Código)		GRL-AM6 (Santiago y Lugo 2021-2022)				
LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-6	Autoinforme de seguimento	Aumentar as taxas de resposta do alumnado nas enquisas de satisfacción a través de dúas iniciativas.	Iniciada	Decana da Facultade e Directora da Escola	Maio 2024	No
AM-6-1	Autoinforme de seguimento	Solicitar ao 100% dos docentes que en unha da súa clase inste ao alumnado a cubrir as enquisas da súa materia	Iniciada	Decana da Facultade e Directora da Escola	Maio 2024	No
AM-6-2	Autoinforme de seguimento	A través dos delegados de curso, representantes e alumnos, Informar ao 100% do alumnado sobre a importancia que ten a realización das enquisas de satisfacción	Iniciada	Decana da Facultade e Directora da Escola	Maio 2024	No

Obxectivo a acadar: Baixar a taxa de abandono por parte dos alumnos/as de primeiro

Responsable do obxectivo: Comisión TFG

**Data inicio:
2022**

**Data
fin:
2023**

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 5 Resultados da formación

Procesos clave relacionados

P01-PM-03 Medición da satisfacción dos estudantes coa docencia

Indicador/es de medición

**Avaliar as entrevistas, cos alumnos
de primeiro,**

Meta a acadar

**Baixar a taxa de abandono dos
alumnos de primeiro**

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM7 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-7	Informe de seguimento	Identificación das causas de abandono dos alumnos de primeiro curso	Executada	Dirección da Escola	Xullo 2023	Si
AM-7-1	Informe de seguimento	Realizar entrevistas persoais ao 100% do alumnado matriculado no primeiro curso para anticiparnos a súas intencións de abandono	Executada	Dirección da Escola	Abril 2023	Si
AM-7-2	Informe de seguimento	Administrar ao 100% alumnado un formulario no que plasme por escrito a súa intención de permanencia o no na Escola.	Executada	Dirección da Escola	Abril 2023	Si
AM-7-3	Informe de seguimento	Análise dos resultados obtidos nas entrevistas cos alumnos	Executada	Dirección da Escola	Abril 2023	Si

Obxectivo a acadar: Mellorar a presentación, defensa e exposición dos TFG

Responsable do obxectivo: Comisión TFG

Data inicio: 2022

Data Fin: 2023

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 2 Desenvolvemento da ensinanza e outras actuacións orientadas aos estudantes

Procesos clave relacionados

PC-06 Captación de estudantes

Indicador/es de medición

Informe de Renovación

Meta a acadar

Aumentar a taxa de presentación, defensa e exposición do TFG

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM8 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-8	Informe de seguimento	Motivar aos alumnos de cuarto curso a realización, exposición e defensa do mesmo, así como, de alumnos/as que no se matriculan do TFG. Descenso da taxa de graduación	Executada	Comisión TFG	2023	Si
AM-8-1	Informe de seguimento	Taller sobre cómo elaborar un TFG	Executada	Comisión TFG	2023	Si
AM-8-2	Informe de seguimento	Difundir información aos alumnos matriculados no TFG dos cursos de formación que realiza a Biblioteca intercentros sobre esta temática	Executada	Comisión TFG	2023	Si
AM-8-3	Informe de seguimento	Ingformación aos alumnos de primeiro día de inicio do curso sobre as cuestións mais relavantes do TFG, indicándoles que todas a información que se encontra na web da USC e na web propia	Executada	Comisión TFG	2023	Si

Obxectivo a acadar: Incrementar a comunicación/información co alumnado que ten concedida a dispensa

Responsable do obxectivo: Dirección da Escola

Data inicio: 2021

Data fin: 2022

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 2 Desenvolvemento da ensinanza e outras actuacións orientadas aos estudantes

Procesos clave relacionados

PC-06 Tutoría e orientación do estudante

Indicador/es de medición

Evidencia documental

Meta a acadar

Evitar diferenzas entre o alumnado presencial e o alumnado que ten concedida a dispensa.

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM9 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-9	Informe de seguimento	Dar a coñecer as características do Grao en RRLLe RRHH, así como del Centro ao alumnado de dispensa	Executada	Dirección do Centro	2022	Si
AM-9-1	Informe de seguimento	Convocar ao alumnado por medio do correo electrónico a través da plataforma para la celebración do acto	Executada	Dirección do Centro	29/09/2021	Si

Obxectivo a acadar: Conseguir unha páxina web mais eficiente

Responsable do obxectivo: Dirección da Escola

Data inicio: marzo 2023

Data fin: xuño 2023

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 4 Recursos materiais e servizos

Procesos clave relacionados

**PS-02 Xestión dos Recursos materiais
PS-03 Xestión dos Servizos**

Indicador/es de medición

Evidencia documental

Meta a acadar

Ter unha páxina web visible con todos os contidos necesarios para dar a coñecer a Escola e o Título (calidade, persoal docente)

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM10 Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-10	Informe de seguimento	Dar maior visibilidade aos contidos da páxina web do centro	Executada	Dirección do Centro	Xuño 2023	Si
AM-10-1	Informe de seguimento	Destacar o apartado referido á Xestión de Calidade do Centro	Executada	Dirección do Centro	Abril 2023	Si
AM-10-2	Informe de seguimento	Crear un apartado específico e visible para queixas e suxestións	Executada	Dirección do Centro	Abril 2023	Si
AM-10-3	Informe de seguimento	Creación dunha pestana específica de formularios	Executada	Dirección do Centro	Abril 2023	Si
AM-10-4	Informe de seguimento	Mellorar a visibilidade do persoal docente na web	Executada	Dirección do Centro	Abril 2023	Si

Obxectivo a acadar: Actualización no SIGC do centro

Responsable do obxectivo: Responsable de Calidade do centro

Data inicio: marzo 2022

Data fin: xuño 2023

Obxectivo estratéxico relacionado	Liña 5 Resultados da Formación Liña 6 Información Pública		
Procesos clave relacionados	PM-01 Medición, análise e mellora PC-11 Información Pública		
Indicador/es de medición	Evidencia documental	Meta a acadar	Mellorar a comunicación co alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia a clase.
Accións de mellora relacionadas (Código)	GRL-AM11 (Lugo 2021-2022)		

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-11	Autoinforme de seguimento	<ol style="list-style-type: none"> Inclusión no Manual de Calidade a composición da Comisión de Prácticas Externas e as súas competencias no Sistema Interno de Garantía de Calidade. Inclusión da figura de Coordinador de Prácticas Externas e a súas competencias no SIGC Inclusión das figuras dos Tutores Académicos no SIGC 	Executada	Responsable de Calidade do Centro	Xuño 2023	Si



LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-11-1	Autoinforme de seguimento	Revisión e actualización do SGC da Escola	Executada	Responsable de Calidade do Centro	Xuño 2023	Si
AM-11-2	Autoinforme de seguimento	Crear un apartado específico e visible para queixas e suxestións	Executada	Responsable de Calidade do Centro	Xuño 2023	Si

Obxectivo a acadar: Mellorar as accións e actividades de coordinación

Responsable do obxectivo: Coordinación do Grao

Data inicio: 2022

Data fin: 2023

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 2 Desenvolvemento da ensinanza e outras actuacións orientadas aos estudantes

Procesos clave relacionados

PC-06 Mellora da Coordinación entre materias

Indicador/es de medición

Informe de Renovación 2023

Meta a acadar

Incrementar a coordinación docente entre materias

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM12 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-12	Informe de seguimento	Mellorar as accións e actividades de coordinación	Executada	Coordinación do Grao	2023	Si
AM-12-1	Informe de seguimento	Emitir informes semestrais por parte dos coordinadores de curso ao Coordinador do Grao sobre a actividade realizada en cada período lectivo	Executada	Coordinación do Grao	2023	Si

Obxectivo a acadar: Aumento da matrícula e demanda do título

Responsable do obxectivo: Dirección da Escola

Data inicio: setembro 2022

Data fin: Xuño 2024

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 2 Desenvolvemento da ensinanza e outras actuacións orientadas aos estudantes

Procesos clave relacionados

PC-04 Captación de Estudantes

Indicador/es de medición

Informe Renovación 2023

Meta a acadar

Incrementar as taxas de matrícula no Título.

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM13 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-13	Informe de seguimento	Incrementar as accións que melloren a captación e matrícula no Título	Iniciada	Dirección do Escola	Xuño 2024	No
AM-13-1	Informe de seguimento	Visitas a Centros de Ensinanza de Bacharelato e de Formación Profesional	Executada	Dirección do Centro	Abril 2023	Si
AM-13-2	Informe de seguimento	Promoción da Escola e do Título nas redes sociais	Executada	Dirección do Centro	Xuño 2023	Si
AM-13-3	Informe de seguimento	Publicidade na prensa local e difusión de actividades	Executada	Dirección do Centro	Xuño 2023	Si
AM-13-4	Informe de seguimento	Creación dun Podscat de promoción e difusión do centro	Iniciada	Dirección do Centro	Xuño 2024	No

Obxectivo a acadar: Incremento gradual do profesorado doutor e a tempo completo

Responsable do obxectivo: Fundación Campus Universitario de Lugo

Data inicio: setembro 2023

Data fin: xuño 2027

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 3 Persoal Académico e de apoio a docencia

Procesos clave relacionados

PS-01 Xestión de Recursos Humanos

Indicador/es de medición

Informe de Renovación

Meta a acadar

Achegar ao número de profesores/as doutores segundo contempla a normativa vixente.

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM14 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-14	Autoinforme de seguimento	Proponse un plan plurianual de contratación de profesores doctores e de profesores a tempo completo	Iniciada	Fundación Campus Universitario de Lugo	Xuño 2027	No
AM-14-1	Autoinforme de seguimento	Contratación de profesores doutores e profesores a xornada completa cando se produza unha baixa no cadro de profesores actual	Iniciada	Fundación Campus Universitario de Lugo	Xuño 2027	No
AM-14-2	Autoinforme de seguimento	Fomentar aos profesores actuais que presenten a súas tesis doutorais no menor tempo posibel.	Iniciada	Fundación Campus Universitario de Lugo	Xuño 2027	No

Obxectivo a acadar: Participación do profesorado da E.U. de Relacións Laborais de Lugo no s cursos de formación da USC

Responsable do obxectivo: Fundación Campus Universitario de Lugo

Data inicio: marzo 2023

Data fin: xuño 2023

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 3 Persoal Académico e de apoio a docencia

Procesos clave relacionados

PS-01 Xestión de Recursos Humanos

Indicador/es de medición

Informe de Seguimento

Meta a acadar

Formación continuada do personal docente da Escola.

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM15 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-15	Informe de seguimento	Fomentar a formación complementaria do profesorado, así como levar a cabo accións facilitadoras de dita formación	Executada	Coordinación do Título, PAS e dirección da Escola	Xuño 2023	Si
AM-15-1	Informe de seguimento	Dar difusión das actividades formativas pra docentes que oferta a Universidade de Santiago de Compostels	Executada	Dirección do Centro e Coordinación do Título	Xuño 2023	Si
AM-15-2	Informe de seguimento	Comunicación coa USC para que permita a realización de cursos de formación de profesorado de centros adscritos en igualdade de condicións ao PDI integrado na USC.	Executada	Dirección do Centro e Coordinación do Título	Xuño 2023	Si
AM-15-3	Informe de seguimento	Difusión pola Secretaria da información remitida pola USC ao Centro	Executada	Dirección do Centro e Coordinación do Título	Xuño 2023	Si

Obxectivo a acadar: Mellorar a comunicación eficaz cos egresados a fin de coñecer a súa traxectoria laboral e mellorar a súa empleabilidade

Responsable do obxectivo: Dirección da Escola

Data inicio: xuño 2022

Data fin: xuño 2025

Obxectivo estratéxico relacionado

Liña 5 Resultados de Formacióna

Procesos clave relacionados

P01-PM-03 Satisfacción dos Estudantes coa docencia

Indicador/es de medición

Informe de Acreditación 2021/2022

Meta a acadar

Actualizar los contactos con el colectivo de egresados

Accións de mellora relacionadas (Código)

GRL-AM16 (Lugo 2021-2022)

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-16	Informe de seguimento	Activar sistemas de comunicación eficaz cos egresados en aras de coñecer a sá traxectoria laboral e mellorar a súa empleabilidade	En execución	Dirección da Escola	Xuño 2025	No
AM-16-1	Informe de seguimento	Actualización dos correos electrónicos dos egresados	Pendente	Dirección da Escola	Xuño 2025	No
AM-16-2	Informe de seguimento	Mellora e actualización da Bolsa de Emprego da Escola	En execución	Dirección da Escola	Xuño 2025	No
AM-16-3	Informe de seguimento	Enquisa dirixida a os egresados sobre a incorporación ao mercado laboral	En execución	Dirección da Escola	Xuño 2025	No
AM 16-4	Informe de seguimento	Análise do mercado laboral e así ofertar títulos de posgrado e formación complementaria para mellorar a empregabilidade	Executada	Dirección da Escola	Maio 2023	Si

ACCIÓN DE MEJORA 1	
Código	GRL-AM1 (Santiago - 2020-2021) Diferida para el curso 21-22
Orixe	Autoinforme de seguimiento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización y Desarrollo Criterio 7. Indicadores de Satisfacción y Rendimiento
Análise causa	<ul style="list-style-type: none"> - Aumentar el % de alumnos que se matriculan en primeras opciones en el Grado. - Elevada tasa de abandono.
Definición/descripción propuesta	Creación de material audiovisual profesional sobre el título y sus salidas profesionales y académicas.
Datas	Inicio: Enero 2021 Finalización: Marzo de 2023
Estado/Eficacia	Ejecutada
Responsables	Comisión del Título
Condicionantes	Su ejecución estuvo supeditada a la disponibilidad presupuestaria del centro. Finalmente se pudo realizar en el curso académico 22-23. El vídeo está pendiente de ser publicado a través de los distintos medios de difusión de la facultad.
Evidencia	<p>Carpeta de evidencias 20-21-Santiago- Vídeo Promocional</p> <p>Publicado en página web: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-relacions-laborais</p> <p>Y en la intranet de la Facultad: https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-relacions-laborais</p>

ACCIÓN DE MEJORA 2

Código	GRL-AM2 (Santiago - 2020-2021) Diferida para el curso 21-22
Orixe	Autoinforme de seguimiento
Ámbito de aplicación	Criterio 6. Resultados del Aprendizaje Criterio 7. Indicadores de Satisfacción y Rendimiento
Análise causa	Baja tasa de graduación
Definición/descripción propuesta	Convocar sesiones informativas para el alumnado de 3º y 4º curso del Grado en las que se tratarán aspectos relacionados especialmente con la elaboración y defensa del TFG.
Datas	Inicio: 01 de septiembre de 2021 a 30 de julio de 2022
Estado/Eficacia	Finalizada (Diferida para el curso siguiente por motivos de la pandemia, pero se llevaron a cabo acciones específicas descritas a continuación).
